

Saga Dawa

O Perdón

Budismo e hinduísmo

Monte Kailash, Tíbet

Maió a xuño de 2018

Manuel Valcárcel (43 anos)

Era un momento delicado da miña vida, necesitaba recuperar a ilusión, a miña esencia, esa forza que me move, esa maxia que me fai vivir. Comezar unha nova etapa, deixar atrás as cousas que me levaran ata ese momento.

Pensei que para iso era necesario, por así dicilo, atopar algo tan importante como é o perdón; no meu caso, un perdón dedicado a min mesmo. Foi por iso que decidín realizar a *kora*, unha peregrinación/penitencia no monte Kailash, coñecido como Khang Rinpotché ou Preciosa Xoia das Neves. Ao seu redor, din, «rezan as pedras». Na tradición budista e hinduísta, dar unha volta ao redor dese monte abre a porta ao perdón dos pecados e á purificación do karma negativo.

Fun no mes máis sagrado para os budistas, durante o Sawa Dawa. Nel conmemórase o nacemento, iluminación e morte do Buda (*parinirvana*) aos 80 anos de idade. Segundo a tradición, estes acontecementos tiveron lugar nos días de lúa chea do cuarto mes lunar do ano, primeiro do calendario hindú.